



ACLARACIÓN RENDA ANUAL NA UNIDADE FAMILIAR

- Para a valoración da renda per cápita da unidade familiar, as persoas interesadas deberán facer constar a cantidade correspondente á base imponible no caso de declaración conxunta, ou á base imponible de cada un dos declarantes da unidade familiar, no caso de declaración individual.

A tal efecto, constará a cantidade que resulta da suma das casiñas **435** (base imponible xeral) e **460** (base imponible do aforro) da correspondente declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) do ano **2020**; cando non presente a declaración do IRPF, constarán os ingresos segundo os datos tributarios que facilite a Axencia Estatal de Administración Tributaria. Esta cantidade dividirase polo número de membros da unidade familiar referido ao día 28 de febreiro de 2022.

- Para a aplicación da puntuación do criterio, utilizarase o indicador público de renda de efectos múltiples (**IPREM**) anual correspondente ao ano **2020** que está fixado en **6.454,03 €**.
- Para considerar o criterio de proxenitora, proxenitor ou representante legal que traballen no centro, debe existir un vínculo mediante contrato de traballo, relación funconarial ou asimilada. Nos centros privados concertados, considerarase asimilada a relación das persoas socias cooperativistas e a da titularidade do centro.
- Enténdese por familiar monoparental a composta por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas menores ao seu cargo, sempre que o outro proxenitor ou proxenitora non contribúa economicamente ao seu sustento.
- Para a valoración do criterio de familia monoparental, a persoa interesada terá que presentar a certificación de recoñecemento da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou pola autoridade competente doutras administracións públicas.